

“O problema é que fixeron un Estado só para xudeus”

Categoría: [Primeira Plana](#) | Publicado o Xoves, 22 Novembro 2012 10:38 | Escrito por Dioivo



“Ocidente nom é responsábel,/ o estado de Israel nom é responsábel,/ a cidadanía israeli nom é responsábel./ Daquela, quem é responsábel?”. Este é un anaco do texto de ‘Película urgente por Palestina’, un dos últimos filmes de Alberte Pagán. Máis de actualidade que nunca, -ou tan de actualidade coma sempre, segundo se mire-, a obra denuncia o rexime de apartheid ao que o Estado israelí somete o pobo palestino. Cunha sucesión de imaxes sen voz, conducidas pola narración en off do historiador Dionisio Pereira.

Gravaches as imaxes nunha das brigadas do COSAL, como no caso do teu filme sobre o Sáhara, ‘Asahra Hurratun!’. Só que naquel viamos as persoas ao lonxe, con distancia, ao contrario deste. Tamén había naquel unha voz que lía un poema...

En ‘Asahra Hurratun!’ hai paisaxes coas persoas ao fondo. No caso de Palestina, está todo o mundo amoreado, polo que sería moi difícil gravar paisaxes sen que saíse xente. Pero son proxectos distintos.

Neste estamos no medio da xente, imos gravando, e iso é o que reflicte o filme, o que vemos. Hai varias versións, en distintas linguas. Na galega a voz en off é de Dionisio Pereira. Na que está en árabe é de Mohamed Safa. E na de castelán é Xan Torres. Quería facer tamén unha versión en inglés e outra en hebreo, pero está pendente.

Di esa voz en off que é un panfleto por Palestina. Hai un posicionamento desde a primeira liña.

Desde logo que si. Despois dunha viaxe a Palestina non estás para ser moi diplomático. É un panfleto no bo sentido, no de invitación á loita.

Non é común que se sinale como fai o teu filme á responsabilidade dos cidadáns israelís. Di o texto que non queren ver a realidade, porque terían que admitir que habitan casas e terras roubadas aos palestinos.

Non é habitual dicilo así, non, pero é a verdade. A falar con cidadáns de Israel, decatámonos de que ata os máis de esquerdas se converten en reaccionarios ao falar de Palestina. E os cidadáns que están involucrados na loita contra a ocupación de Palestina, ou que simplemente se fan preguntas sobre o muro e a ocupación, son sometidos a un ostracismo social increíble, tamén por parte das súas propias familias. Cando estivemos alí había manifestacións dos indignados. E tampouco eles tocaban o tema. Os palestinos son para elesapestados, xente á que é mellor non ver. É algo semellante ao que facemos nós aquí cos ciganos. Parece que non os consideramos parte da nosa sociedade. Entón, por moito que saibamos que están oprimidos e apartados, non facemos nada porque non os consideramos parte de nós. En Israel é así. O razonamento é “non te preocupes, non é problema teu”. E a iso engádese o sanbenito de terroristas. Así, cantas máis bombas caían sobre Gaza, máis seguros se senten os israelís.

Un dos puntos máis importantes do filme é a denuncia do apartheid. Como o de Sudáfrica.

Peor que o de Sudáfrica, porque alí non se bombardeaba a poboación negra.

Apuntades á orixe do problema. Non só a ocupación, o apartheid, a violencia. Falades de ilexitimidade do Estado de Israel.

Porque é a raíz do problema, si. Non é tanto a existencia de Israel. O problema é que fixeron un Estado xudeu só para xudeus. Non para convivir cos palestinos. Un Estado teocrático, no que os palestinos son cidadáns de segunda.

Como foi o proceso de gravación?

Pois iamós gravando o que podíamos. Hai sitios nos que non cho permiten. Hai moitos controis... Se visitas Xerusalén, por exemplo, ves como Israel vai ocupando a parte este, a que en teoría lles correspondeu aos palestinos no reparto. É moi difícil ir a Xerusalén desde Belén, desde Nablus, desde Jericó... O permiso tarda moito, e aínda cando cho dan, podes atopar un militar nun control que che impide entrar. O que pretende Israel é desaloxar toda Palestina, e hebraizar Xerusalén. O que fixemos nós foi visitar distintas cidades, e falar con distintas organizacións: xente que leva campamentos de refuxiados, colectivos de presos en Ramallah,

Tamén contades algún caso particular. Como o do home que vive no seu negocio porque se marcha expropiaranllo. Ou o doutro ao que lle quitaron a casa e montou ao lado unha tenda de campaña.

Porque é así. Quítanlles a propiedades. Ao home da tenda de campaña expropiáronlle parte da casa e instaláron alí unha familia israelí. El vive na parte que lle quedou, e na tenda de campaña vai parando xente, sobre todo doutros países, para denunciar a situación.

Algúns historiadores israelís que revisaron a historia oficial, como Ilan Pappé, denunciaron a a expulsión da poboación palestina na fundación do Estado de Israel. Parece que segue a pasar o mesmo...

É o que fan, si. Cando teñen instaladas unhas cantas familias, fan outro anaco de muro. Se ves o trazado do muro, comprobamos que non segue o pactado no reparto do territorio. Dá voltas e voltas segundo onde están as familias de colonos. E agora cando bombardean Gaza tamén atacan televisións e radios. Para que non se vexa o que pasa.

Os palestinos son negados como pobo, coa súa historia, a súa cultura...

E como persoas, non só como pobo. Hai xente nova de distintas partes do mundo. O Estado ofrécelles unha casa e un traballo, coa única condición de que fagan o servizo militar. Volven moi contentos, reafirmados na súa identidade hebrea. Pero os palestinos, mesmo que teñan nacionalidade israelí, son tratados como cidadáns de segunda. Teñen uns documentos de identidade nos que se marca ben que non son iguais.

Presentaches tamén en Cineuropa 'Outras Vozes'. Outro traballo moi político.

'Outras Vozes' son retratos de xente de distintas partes do mundo que veu dar charlas por aquí, para falar dos conflitos do seu país. Persoas de Colombia, o Sáhara, Xordania, Nicaragua, Bolivia, Chile, Chiapas, Perú, Venezuela, Ecuador... Recollo anacos das charlas que deron. O título é o da revista do COSAL, 'Outras voces'.

Son varias as películas que fixeches a partir de viaxes co COSAL.

Si. Tamén 'Os Waslala', por exemplo. Agora estou cun filme novo sobre as FARC. Que mestura imaxes que gravei hai dez anos, anacos de telexornais, gravacións das propias FARC... O COSAL é o Comité de Solidariedade con América Latina. Naceu para apoiar a revolución sandinista en Nicaragua. Despois foise estendendo a distintos sitios de América Latina, e despois América Latina quedou pequena tamén. No Estado español había varios grupos, pero foron desfacéndose. Agora queda moi pouco: aquí, en Asturias... Son comités de apoio político: de organización de charlas, de contacto cos medios de comunicación...